

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA DE PONTEVEDRA



Rúa Lepanto, nº1-1ºJ - 36001 Pontevedra
Tlf.: 986 852300 / Fax: 986 868492 / e-mail: pontevedra@federaciongalegadecaza.com



MAPA DE SITUACIÓN



**XXVII CAMPIONATO PROVINCIAL
DE PONTEVEDRA
DE ARCEAS**

25 de Xaneiro de 2020



**ORGANIZA: FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
EN PONTEVEDRA
COLABORA: SOCIEDADE DE CAZA FARELO
CONCELLO DE AGOLADA**



**EXCLUSIVO
PARA CAZADORES FEDERADOS**



MUTUASPORT

En Mutuasport, a mutua dos cazadores, dirixida exclusivamente POR e para os cazadores, sabemos cales son as túas necesidades, por iso ofrecémosche a mellor variedade de seguros de caza

- Seguro de R.C. do cazador
- Seguro de danos propios
- Seguro de R.C. dos cans
- Seguro de R.C. de competicións
- Seguro de R.C. de ganchos e monterías
- Seguro de R.C. para Tecores



www.federaciongalegadecaza.com

Infórmate na túa sociedade, nunha das oficinas da FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA ou na nosa web



**Federación Galega
de Caza
Pontevedra**



CONCELLO AGOLADA



COMITÉ ORGANIZADOR

Dn. FRANCISCO COUSELO CASTIÑEIRA
Presidente da F.G.C. de Pontevedra

Dn. DAVID GARCÍA VÁZQUEZ
Presidente da Sociedade de Cazadores "FARELO"

DIRECTOR DA PROBA

Dn. JOSE MANUEL MARTÍNEZ FERNÁNDEZ
Delegado de Caza Menor e Arceas da F.G.C. de Pontevedra

XURADO DE COMPETICIÓN

Nomearase o mesmo día no lugar da proba pola Federación Galega de Caza de Pontevedra.

SORTEO DE XUÍCES E DORSAIS

O sorteo de Xuíces e Dorsais realizarase o XOVES 23 DE XANEIRO na sede desta Federación Provincial de Caza, a partir das 10:00 horas.

PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓN

O prezo de inscrición é de **50.00€**, onde vai incluído o xantar do participante e do xuíz.

O prazo de inscrición remata o **MÉRCORES 22 DE XANEIRO** ás 19:00 horas. **PARA INSCRIBIRSE É OBRIGATORIO CHAMAR Á FEDERACIÓN PARA FACILITAR OS DATOS (teléf. 986.852300)** e para que conste como inscrito deberá ter abonado o importe correspondente, en efectivo na Federación ou através de Abanca na c/c nº ES97.2080.0530.73.3040008388.

Os xuíces deberán reuni-las condicións físicas necesarias para acompañalo participante durante a competición. Tanto participantes como xuíces deberán estar en posesión da Licencia Federativa emitida pola F.G.C. en vigor.

- É importante avisalo mesmo día da inscrición do número de acompañantes que quedarán a xantar.

Prezo acompañante → 20,00€

- HORARIO -

- 08:00:** Concentración nos "Pendellos", LGAR DE PARRANDA 6 , 36520 AGOLADA.
- 09:00:** Comezo da Competición
- 14:00:** Remate da Proba
- 14:30:** Clausura da competición, xantar e entrega de premios nos "Pendellos", LGAR DE PARRANDA 6 , 36520 AGOLADA.

REGLAMENTO

- Aplicarase o vixente Regulamento da Federación Galega de Caza e Normativa de Competicións da Federación Galega de Caza

* O Comité organizador resérvase o dereito a modifica-lo presente programa se circunstancias excepcionais así o aconsellan.

* No caso de pouca participación a organización poderá non realizar o campionato si así o considera oportuno

* É responsabilidade do participante ter toda a documentación necesaria en vigor.

* **IMPORTANTE:** no momento da inscrición será obrigatorio a presentación da tarxeta federativa ou documento único en vigor , así como a fotocopia do microchip do can e do permiso de armas e seguro de RC cunhas coberturas mínimas de 600.000€.

* **ADVERTENCIA:** A lei 3/12, do Deporte de Galicia prohíbe a introducción e venda de bebidas alcohólicas nos lugares onde se estén a celebrar probas deportivas. Polo tanto queda prohibido tanto o consumo como a venda de bebidas alcohólicas dentro do recinto deportivo durante a celebración da proba.